

A dinamización lingüística a través das comisións da normalización: a experiencia da USC

ISABEL VAQUERO QUINTELA

1. As comisións de normalización

As comisións de normalización lingüística son comisións delegadas das xuntas de facultade ou de escola. Tal e como se indica explicitamente no *Plan de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela*:

As comisións de normalización lingüística dos centros, que han ser as encargadas de velar pola aplicación, en cada centro, do *Plan de Normalización Lingüística*, de presentar propostas á xunta do centro e aos consellos de departamento, de canalizar suxestións á Comisión de Normalización Lingüística do Claustro. Han ser, alén diso, o ámbito directo de participación dos tres colectivos da Universidade no desenvolvemento do *Plan*. Deberían crearse en todos os centros durante o curso 2001-2002.

A composición das comisións de normalización está determinada polo que dispuxer o regulamento dos seus respectivos centros en relación ás comisións delegadas. De todos os xeitos, nas comisións hai representantes do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal de administración e servizos (PAS), así como do propio equipo directivo do centro. Ademais, as comisións de normalización encóntranse abertas a todas aquelas persoas do centro que desexaren participar activamente nelas, coa idea de tecer unha rede social ampla que propoña liñas de actuación dirixidas á mellora do status do galego no ámbito universitario.

Entre as funcións principais que teñen asignadas as comisións de normalización lingüística están as seguintes:

a) Recoller datos, pois antes de propormos medidas para a extensión do uso do galego necesitamos coñecer o mellor posible a realidade do centro en que pretendemos actuar e

realizar un diagnóstico a partir do cal definir uns determinados obxectivos e medidas. Para a elaboración dese estudo-diagnóstico inicial contamos cun guión e cunha listaxe de datos que nos interesan, e tórnase imprescindible a colaboración entre as comisións de normalización lingüística e a Área de Dinamización do Servizo de Normalización Lingüística.

b) Propor actuacións. A partir dos datos obtidos da análise anterior, e unha vez detectadas as principais necesidades do centro, débense definir os obxectivos que se queren acadar e propor aquelas medidas que foren precisas para os lograr, é dicir, elaborar un plan de normalización lingüística do centro encadrado no Plan de Normalización Lingüística da Universidade. Anualmente, as comisións deben preparar un programa de actividades enmarcadas en cadanseu plan de normalización. Na realización desas actividades, as comisións contan co apoio técnico do Servizo de Normalización Lingüística, que se ocupa tamén de procurar as fontes de financiamento, entre as cales salienta a derivada da aplicación do convenio de colaboración que mantén coa Xunta de Galicia e que se actualiza cada ano.

c) Canalizar intereses, xa que as comisións deben constituír un referente á hora de encamiñaren o interese dos membros do centro sobre calquera aspecto relacionado coa normalización lingüística, mediante colaboracións, queixas, suxestións etc.

d) Difundir información e recursos, pois é labor das comisións de normalización distribuír e dar a coñecer nos seus respectivos centros os diversos recursos (quer humanos quer materiais) que ofrece o Servizo de Normalización Lingüística, así como facer visible a súa propia existencia e as distintas actividades que realizaren.

e) Coordinarse. Cómpre coordinar todos os esforzos existentes no contexto universitario arredor da normalización lingüística, de xeito que haxa un continuo intercambio de información sobre as actividades, iniciativas, dificultades e progresos de cada centro. Isto pode servir de idea e alento aos restantes centros e permitir, nalgúns casos, a adopción de iniciativas conxuntas para varios deles ou a posta en marcha de proxectos comúns a toda a universidade e/ou mesmo de alcance interuniversitario. Por outra banda, asumir a coordinación do Servizo de Normalización Lingüística permite obter un maior volume de información sobre as distintas iniciativas normalizadoras da Universidade, así como espallalas cunha maior eficacia.

f) Actuar como axentes dinamizadores, é dicir, os membros das comisións deben servir de referentes de calquera acción normalizadora na escola e/ou na facultade e establecer pontes entre o labor do Servizo de Normalización Lingüística e a sociedade.

Na actualidade son un total de 19 os centros da Universidade de Santiago de Compostela que contan con comisións de normalización lingüística: referímonos ás facultades de Ad-

ministración e Dirección de Empresas, Bioloxía, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias da Comunicación, Ciencias da Educación, Ciencias Políticas e Sociais, Dereito, Farmacia, Filosofía, Física, Matemáticas, Medicina e Odontoloxía, Psicoloxía, Veterinaria e Xeografía e Historia, ás cales hai que engadir a Escola Politécnica Superior e as escolas universitarias de Enfermaría, Formación do Profesorado e Relacións Laborais.

2. O apoio do Servizo de Normalización Lingüística

A axuda que pode prestarlle o Servizo de Normalización Lingüística ás comisións de normalización dos centros resúmese basicamente en cinco puntos:

a) Formación sobre aspectos diversos como a situación sociolingüística de Galicia e o marco legal vixente, sobre a situación lingüística verificable no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a propia natureza e funcións das comisións de normalización e sobre cuestións relativas á planificación e dinamización lingüísticas. Tamén é importante proporcionarlles ás comisións un bo argumentario fronte aos prexuízos aínda existentes contra a lingua galega e/ou contra o proceso normalizador.

b) Información a través das canles máis habituais como o correo electrónico e as comunicacións telefónicas ou persoas. A transmisión desas informacións de interese prodúcese ademais nas propias xuntanzas que realizan periodicamente as comisións de normalización, e tamén a través do boletín *O Cartafol* que vén publicando o Servizo de Normalización Lingüística desde o ano 1992 (coa súa versión electrónica *O Cartafol Dixital*: <http://ocartafol.usc.es> <http://ocartafol.usc.es>).

c) Asesoramento e apoio técnico, pois o camiño actual na procura do cambio lingüístico baséase na consecución da calidade lingüística como argumento fundamental. Neste sentido, o profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela poden empregar o servizo de asesoramento que lles ofrece o Servizo de Normalización Lingüística, e que inclúe a corrección e tradución de textos, a resolución de consultas lingüísticas, o deseño de documentos administrativos e diversos recursos lingüísticos como dicionarios, correctores etc. Por outra banda, o Servizo de Normalización Lingüística proporciona un apoio técnico que se concreta de distintos xeitos: métodos de traballo planificado (nos estudos-diagnóstico e nas propostas de actuación) e apoio tanto na implementación das medidas como no seu financiamento a través do devandito convenio anual coa Secretaría Xeral de Política Lingüística ou, se for preciso, suxerindo e/ou xestionando outras fontes de financiamento alternativas ou complementarias.

d) Coordinación. O Servizo de Normalización Lingüística posibilita e estimula a coordinación non só das distintas comisións de normalización entre si, senón tamén a outros niveis:

por exemplo, a coordinación das comisións con outras áreas do propio servizo (e con outros servizos da Universidade de Santiago de Compostela), co Consello de Dirección, co Claustro etc.

e) Proxección. O Servizo de Normalización Lingüística dá a coñecer o papel desenvolvido polas distintas comisións de normalización, dándolles difusión ás súas actividades e subliñando o protagonismo da propia comunidade universitaria no proceso de normalización lingüística.

3. Resultados

Os primeiros resultados derivados da aplicación destas medidas son a aparición de estudos sociolingüísticos e outros datos de interese que nos ofrecen unha radiografía da situación do galego nos centros e, como consecuencia, en distintos ámbitos científicos. Loxicamente, a partir desas constatacións iniciais desenvóléronse unha serie de iniciativas dirixidas especificamente ao profesorado universitario e ao persoal docente en formación:

a) Cursos interdisciplinares de formación de profesorado para a elaboración e edición de unidades didácticas en lingua galega para a docencia universitaria.

b) Obradoiros de expresión oral orientados ao desenvolvemento das habilidades lingüísticas necesarias na docencia e á extensión do uso do galego nese ámbito.

c) Cursos de creación de webs docentes en galego, mediante os cales se fomenta de xeito simultáneo o emprego do noso idioma, o achegamento ás novas tecnoloxías e a innovación metodolóxica na docencia.

Canto ás iniciativas de dinamización lingüística postas en marcha polas comisións normalizadoras co apoio do Servizo de Normalización Lingüística podemos salientar:

a) Premios á calidade lingüística e á excelencia dos traballos académicos (traballos de curso e de fin de grao e proxectos de fin de carreira).

b) Axudas á redacción e defensa en lingua galega de traballos de fin de mestrado, de memorias de investigación, de traballos de investigación tutelados e de teses de doutoramento. Estas axudas, vixentes desde 1994, consisten en formación e asesoramento (lingüístico, terminolóxico e/ou informático), dotación de recursos lingüísticos (correctores ortográficos, por exemplo) e axudas económicas.

c) Desenvolvemento de ciclos, xornadas e conferencias, como as xornadas «Educación e linguas en Galicia» (organizadas pola comisión de normalización lingüística da Facultade de Ciencias de Comunicación) ou as xornadas «Os recursos educativos en galego» (organizadas pola comisión de normalización lingüística da Facultade de Ciencias da Educación).

d) Campañas de dinamización lingüística como a recente «Témoslle lei», levada a cabo na Facultade de Dereito.

e) Concursos como o concurso de monólogos monolingües «Vennos con contos» ou o concurso de publicidade en galego «Comunicándonos».

f) O «ETSE Open de SL / Fiadeiro de localización de software libre na ETSE», organizado pola comisión de normalización lingüística da Escola Superior de Enxeñaría coa participación da Oficina de Software Libre e que tiña como obxectivo promover a lingua galega ligada á utilización de software libre na Universidade de Santiago de Compostela.

A análise dos resultados obtidos fáínoles ver como bastante desiguais, pois dependen das circunstancias de cada momento, das características de cada comisión de normalización e por suposto dos diversos graos de interese, compromiso e vontade para coa lingua e/ou para coa comisión en cuestión. Ás veces detéctanse carencias na formulación de ideas e de argumentos, así como falta de tempo ou de capacidade executiva para desenvolverlas axeitadamente. Tamén cómpre reparar na excesiva dependencia que adoita existir con respecto a un individuo que actúa como referente ou dirixente, o cal vai en detrimento do traballo en equipo e da coordinación dos membros de cada comisión.

4. Conclusións

En definitiva, as comisións de normalización lingüística dos centros resultan de grande utilidade no proceso de extensión do galego no seo da Universidade de Santiago de Compostela. A participación directa das persoas implicadas nos procesos esixe tempos e ritmos máis lentos do que desexariamos, mais é ese labor continuo o que garante as posibilidades de crear conciencia e de conseguir que o traballo non fiquen nun día ou nunha actividade puntual. Con todos, non é menos certo que as comisións necesitan moito apoio e seguimento técnico e que non acaban de desenvolver todo o seu enorme potencial.